

CAMPIONATO GALEGO DE MOTOTURISMO 2026

REGULAMENTO DEPORTIVO

TÍTULO I. NORMAS XERAIS

01.- TÍTULO E XENERALIDADES

01.01.- MOTOTURISMO. DEFINICIÓN:

O Mototurismo é unha especialidade homologada pola FIM e RFME que consiste na asistencia a un encontro motociclista nunha localización concreta, ao que os participantes deben acudir obrigatoriamente en moto desde o seu lugar de orixe para realizar alí probas que fomenten o turismo en moto.

Os eventos mototurísticos que teñen como obxectivo principal fomentar unha cultura do turismo en motocicleta que se caracterice por:

- Poñer en valor o patrimonio histórico-cultural, natural e etnográfico dos lugares visitados.
- Fomentar a camaradería, o respecto e a convivencia entre os participantes.
- Respetar o medio ambiente e a contorna física polo que transita.

01.02.- FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO. COMPETENCIA:

A Federación Galega de Motociclismo, asume a competencia de seleccionar un número limitado de eventos, de ámbito AUTONÓMICO, atendendo á súa calidade e contido, para constituír o calendario coa mellor oferta mototurística no ano 2026.

Os eventos comprendidos no calendario serán asignados por esta Federación, que delegará o operativo dos mesmos nos clubs organizadores.

A publicación do calendario será única e anterior ao comezo da tempada mototurística. O calendario non poderá ser obxecto de variación durante a tempada, salvo por caso documentado de forza maior e en calquera caso non dependente da vontade dos organizadores.

A FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO, se reserva en calquera caso o dereito, de anular ou substituír por motivos xustificadas as probas calendadas.

En caso de suspensión da proba o organizador deberá propoñer unha nova data no ano corrente. A FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO valorará a proposta para, de acordo ao resto de probas calendadas, determinar a súa recolocación ou anulación definitiva como proba puntuable.

En caso de anulación dunha proba, poderase substituír pola proba de reserva

Todo cambio de calendario deberá ser aprobado pola FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO.

É competencia da FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO a resolución das reclamacións presentadas polos participantes previo abono da taxa federativa de 300€.

01.03.- MODALIDADES.

A FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO convoca o Campionato galego de Mototurismo, as probas serán disputadas nos lugares e datas que se detallan no calendario deportivo 2026 e constará unicamente da especialidade.

- Touring

Establecense as seguintes categorías:

- Pilotos
- Copilotos
- Clubs

02.- MÍNIMO DE ACTIVIDADES:

Para que o Campionato sexa puntuable, deberánse celebrar como mínimo o 50%, das probas que figuran no calendario.

03.- VERIFICACIÓN DE ASISTENCIA e PROBAS:

Para puntuar nunha proba é necesario estar en posesión da Credencial de Mototurismo con anterioridade á celebración da mesma.

Na proba establecerase un control de asistencia e verificación en forma de parque pechado.

Cada participante, terá que ter a súa motocicleta dentro do parque pechado unha hora antes da saída da proba, o que chegue fose da hora terá unha penalización. As penalizacións estarán recollidas no Regulamento Particular da Proba.

A apertura do parque pechado abrirase aos participantes UNHA HORA antes da saída da proba.

No parque pechado verificarase que cada participante teña colocado nun lugar visible o dorsal, a pulseira de identificación e o pasaporte da proba.

O parque pechado situarase no lugar e horario que o Organizador da Proba determinará no Regulamento Particular.

Para poder acceder ao parque pechado, o concursante terá que realizar previamente os Trámites Administrativos.

No caso de que o participante non realice o control tanto de entrada como de saída, non se computará a asistencia á devandita proba.

A asistencia ao control é persoal non podendo delegar noutra persoa.

TÍTULO II. ESPECIALIDADE TOURING

05.- PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO

05.01- - Participantes

A comprobación da inscrición no Campionato Galego de Mototurismo, en calquera das súas categorías, realizarase de forma automática coa verificación de asistencia a algún dos eventos calendados.

Todos os participantes deberán estar en posesión da Credencial de Mototurismo ou na súa falta Homologada.

Para o ano 2026 o custo total da credencial é de 30€

As inscricións nos eventos para os participantes no CGMTR formalizaranse a través da Zona Privada da web da FGM. Debendo estar en posesión da Credencial de Mototurismo Homologada ou Galega.

En caso de non facelo no prazo e forma establecidos non poderán puntuar na proba.

O participante deberá presentar a súa credencial e pasar a verificación ante o organizador da proba ou as persoas designadas.

Todos os participantes nunha proba deportiva, coas excepcións previstas neste regulamento, están obrigados ao cumprimento das normas particulares do regulamento da proba e ás que nun momento determinado estableza ou adopte, por seguridade, o responsable da proba ou a autoridade competente, non estando eximidos do cumprimento das normas xerais de circulación.

06.- VEHÍCULOS:

Poderán participar todas as motocicletas, ciclomotores e triciclos provistos de documentación en regra para circular pola vía pública.

07.- EVENTOS PUNTUABLES:

Eventos que se sinalen no calendario do Campionato Galego de Mototurismo.

- Touring nas suas diferentes categorías.

08. – PROBAS:

Nun Evento Puntuable DEBERÁN establecerse probas para a obtención de puntos para o campionato. En ningún caso serán probas de velocidade e a súa dificultade radica no esforzo e habilidade de cada participante para viaxar e rodar en moto, así como ter dominio dos sistemas de navegación e orientación (podendo combinarse ambas). Distínguense os seguintes tipos de proba:

- Navegación.
- Localización
- Orientación
- Regularidade (como mínimo nunha das probas de CGMTR)

A verificación das probas de localización realizarase polos medios que a organización determine e aprobe no Regulamento Particular co visto e prace da FEDERACION GALEGA DE MOTOCICLISMO.

- As probas deben ter un percorrido Máximo de 390 km. os cales se poderán alcanzar facendo unha media de 50 Km/h e non tendo que empregar máis de 8 horas aínda que a organización dará 11 horas para a realización, podendo así destinar o tempo restante a gozar do patrimonio histórico-cultural, natural e etnográfico dos lugares visitados.

09.- PUNTUACIÓN:

09.01- Pilotos e Copilotos

- Puntos por Asistencia:

- **5 puntos por proba.**

- Puntos por completar a proba:

- **A determinar no Regulamento particular de cada proba**

Os pilotos e copilotos que NON completen o percorrido da ruta polas estradas marcadas polo organizador NON obterán os puntos establecidos para esa proba. O club organizador reservase o dereito de comprobar mediante APPS ou calquera outro sistema que os participantes completaron a ruta polo percorrido indicado.

09.02.- Clubs:

A puntuación que se outorgará será a suma dos puntos obtidos por cada un dos membros do equipo que participasen na proba. Para poder puntuar por equipo, deberán acreditar a asistencia un mínimo de tres participantes do mesmo club na proba.

10.- CLASIFICACIÓN FINAL DO CAMPIONATO:

10.01.- Pilotos/Copilotos:

A clasificación final, realizarase atendendo ao maior número de puntos. En caso de empate terase en conta, o número de Quilómetros realizados, desde o Código Postal da credencial, ata a saída da última proba a realizar; se persiste o empate, revisaranse os Km de proba anterior. De persistir o empate, tomarase como referencia o domicilio da credencial e non o Código Postal.

Para ter dereito ao trofeo e diploma final do CGMTR haberá que participar como mínimo na metade mais unha das probas realizadas.

10.02.- Clubs:

A clasificación final do campionato dos dous mellores pilotos e copilotos de cada club sumarase para determinar ao club campión de cada categoría. En caso de empate será determinante o mellor resultado individual dos pilotos que interveñen nesta suma.

11.- PREMIOS:

11.01.- Individual Piloto e Copiloto.

11.01.01 MEDALLA FGM

- 1º, 2º y 3º clasificado Piloto
- 1º, 2º y 3º clasificado Copiloto

11.02.01.- TROFEO MOTOCLUB ORGANIZADOR:

Por asistencia. En cada proba a organización fará entrega dun trofeo ao primeiro clasificado para as seguintes categorías:

- Piloto máis afastado, en caso de empate, (dous ocupantes na moto, e despois menor cilindrada).
- Copiloto máis afastado (ídem anterior).
- Club con maior número de rexistrados.

A medición da distancia percorrida ata o punto de saída, do mesmo xeito que a realizárase polo percorrido máis curto que marque a aplicación Google Maps, desde o domicilio que conste na credencial do participante ata o lugar de saída da proba.

11.02.02.- MEDALLA MERITUM

Todos os participantes no CGMTR, que realicen todas as probas terán a medalla MERITUM, que certificará a súa participación no mesmo, para alcanzar esta distinción poderase descontar un resultado.